

ANOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Abril 1931

Núm. 282

AO DECORREL-OS DIAS

Outra vegada a censura volta a nos deixar tranquilos pol-o menos unha temporada. Si se cumpren os desexos, cousa que dubidamos moito, do goberno de vellos e fracasados políticos que manda hoxe posibelmente non voltaremos a caer novamente no réxime odioso da previa censura xa que pol-os seus pronósticos chegaremos a ver funcionando logo o Palramento. Eso é o que din eles, mais antóxasenos que non será así. Os poucos días que levamos de relativa liberdade púbrica son máis elocuentes que os desexos, bons ou bastardos, dos actuaes gobernantes. Acrecéntase de día en día o malestar e a protesta contra un réxime que da vella política levounos a sete anos de Dictadura para entregarse novamente nos brazos d'aqueles homes que cándidamente coidáramos que tiñan desaparecido para sempre. Un perigoso xogo que lóxicamente produce a indignación do país. Unha indignación que xá adequiriu caracteres de violencia.

En republicanos e monárquicos está hoxe dividida Hespaña. Este é o preito que atualmente ten absorvida a preocupación xeneral anxe o que esfúmanse de momento todol-os outos probremas que Hespaña necesita resolver. Namentras non fiquen arranxado este preito, que tácitamente imprica o desexo d'unha nova Constitución estatal, non se pode falar de tranquilidade nin de probremas que anque urxentes están relegados a segundo termo por obra e gracia da actualidade.

Emporiso; para nós os nacionalistas de toda Iberia o noso preito non está relegado. Ao mesmo tempo e co'a mesma intensidade que se fala de República e Monarquía fálase tamén da necesidade de estatuir a Hespaña en ampria federación e con autonomía rexional. E do campo republicano certamente de onde xurden mais frecuentes voces procrando esa verdade.

Porque son as rexións que hoxe están en pé para non deixar pasar este período pre-constitucional precursor d'un novo Estado que recolla e solucione as arelas reivindicadoras das nacionalidades. Aproveitan este crítico momento para pronunciar o seu desexo e conquistar que a súa vos sexa ouvida no momento oportuno en que se faga encamiñar a Hespaña pol-o vieiro constitucional e sexa instaurada a estabilización política.

Pesa tanto a voz rexional que non será posibre facer ouvidos de mercader ante tal suprema realidade. E sexa monárquico ou republicano o novo Estado o que nós damos por seguro é que non será unitario. Sería a morte definitiva do Estado hespañol pois chegado ese momento senón se dera solución ao probrema autonomista nada tería de particular que as rexións unha a unha erguérase en pé barilmente, guerreiramente contra un réxime centralista incivil e non axeitado á constitución natural da Península.

Mais nós somos outimistas e confiamos moito en que d'ese debate en que Hespaña enteira está hoxe metida haberá de saír para os pobos que a constituen un novo réxime de máis ampria liberdade onde as nacionalidades abranguerán o réxime autonómico que necesitan para desenvolver libremente a súa vida.

E Galicia será das primeiras pol-a súa acusada persoalidade e siñificación dentro da Iberia.

A mais urxente angueira

Non se pode dubidar da eistencia d'un sentido non sempre doadamente esperto nos homes e nos pobos: o sentido da verdadeira realidade. A realidade de todol'os días, sedimento priguizoso de creaciós apenas esbozadas, de formas antigas scilo viventes por tora ca vida do costume, a realidade tiráneca e oposta ô ideal non é verdadeira realidade. Cando a verdade pasa ô alcance da mán. cando pódese plasmar en institucións deixando de ser arela pra se volver presenza viva, eis a realidade que nos intresa. Mais, ás veces, os ollos afeitos a enxergar aparencias e falsias e as maus louvanas, por desespranza, ô verdadeiro traballo creador, non saben fixar nin agarrar a realidade. E pode acontecer qu'ela chegue, pase e fuxa, levada no fluire dos feitos pra non voltar â nosa presenza deica moito tempo despois.

Figurarán ociosas e valdeiras istas nosas palabras? Podia ser que a tosquidade da eispreseón lles priven do seu valor. Mais elas responden â realidade do momento presente. Por un camiño ou por outro camiño, por moda, por virtude exemprar, por cheda d'outras terras, pol-o que seña, hoxe, todol'os fautores que operan na Hespaña, dispoñense d'un xeito pra ofrecer â Galiza pol'o menos o minemo de liberdade que como terra sostantiva ven reclamando dende que recobrou a concenza de si e dos seus destiños. Diciamos que hai un sentido da verdadeira realidade. Agora ise sentido di que a realidade política da Galiza será en moi pouco tempo, pol'o menos un ensayo de autonomía, concedido por us ou por outros, mais indiscutiblemente certo e real. Non será o

ideal dos puros galeguistas e será a derrota dos non galeguistas. Está a nosa porta unha decraración d'autonomía. ¿Qué fará Galiza? Si ten ise sentido da realidade acollerse a il pra faguelo deseguida, eixe da sua nova eistrotura si é d'abondo e si non pra facelo base rexa e indiscutible do que por lei natural ten que chegar mais adiante. Pois poidera acontecer qu'os galegos sufriran un instante de cegueira, de inconscenza, de non ollar isa realidade. E que ela pasase envolta no trátego da politeca de

supreficie. Hai que sei hoxe realistas. Mañán poderase proieutar mais fortemente nos feitos a figura ideal da Galiza. Vai chegar a autonomía. Hai qu'estar dispostos a recibila como unha cousa de xusticia elemental, de necesidade, sin traslucir nin a mais pequena dubitacion, nin a menor fraqueza. As veces os doentes cando sandan se non dan conta d'elo. Que non se nos acuse de tal febleza. Aixiña, sin gastar o dia n'outra cousa todol'os bos fillos da Terra debense por a traballar no artellamento praitico e urxente do que será en pouco tempo unha realidade.

MANUEL GULIN

VII Asamblea das Irmandades

A norma trazada pol-as Irmandades da Fala de celebrar cada ano unha asamblea ou xuntanza xeral pra todas, esténdese tamén a todas as irmandades galeguistas da nosa terra. E non pode poñerse en duda a comenencia d'estas asambleas anuais, que non privan de se celebrar outras extraordinarias si por circunstancias especiaes deben acordarse, xa que na marcha normal do galeguismo o mesmo que de toda sociedade ben organizada debe pol-o menos facerse un balance ao ano pra dar conta da autuación do mesmo e sinalar novos puntos de partida pra o seguinte; ademais é ocasión e motivo pra o intercambio de coñecementos persoas entre os irmans ou compañeiros da común e santa causa.

Como agora xa se fala da que debe facerse este ano, vou aquí a decir duas verbas adiantando a miña opinión sobor do particular.

Non cabe dúbida que poucos anos faise tan necesario como n-este unha asamblea grande, pois si ben é certo que os acordos tomados na derradeira do pasado Abril feita na Cruña foron de transcendencia pra reorganización d'uns organismos ateigados pol-os seis anos precedentes de forzosa modorra, non embergantes aínda están por axeitar certos detalles pra o seu doado compromiso. Isto e as correntes de gran movemento espiritual e político que se sinten na nosa terra d'un tempo a esta parte, faise imprescindible unha ampla e grande preparación e convocatoria pra que se faga, correspondendo ao presente ano 1931, unha tamén xurdia e grande asamblea de Irmandades galeguistas i-entidás galeguizantes.

Os sitios mais indicados ao meu ver pra facer ésta, son: Ourense, Vigo ou Santiago. Ourense xa o tiña merecido o ano derradeiro e compre que

se lle satisfaga... xa se seguirá logo por Vigo e os demais pobos, pois pra as irmandades galeguistas o mesmo que pra os bós galegos non debe haber distingos d'un a outro sitio, inda que unha sexa unha capital e outra unha aldea, nin d'unha vila a un povo.

Agora como a min parece-me que se lle debe dar importancia, debendo unha vez tomado o acordo avisar a todas as entidades galeguistas de España e América, ou mellor dito, de llo pôr en coñecemento por si quixeran tomar parte, débese contar con tempo d'abondo. Ademais a mellor época sería despois de pasadol-os tempos das eleucións, pra que a

política non perturbe a serenidade do espírito, e, cō pensamento posto na esperanza, creio que drento d'algún tempo estará algo mais despexado o ourizante da política española.

Por estas razóns poida que fora o tempo mais indicado os últimos días do San Martiño ou os primeiros d'outono. Si se quixera faguer agora podía ser nos primeiros días de Mayo, que xa non sería tan ben.

Ahí queda dita a miña humilde opinión da VII asamblea das Irmandades do que poden ir tomando nota os meus queridos irmans d'Ourense.

LUIS CORTIÑAS

Presidente da Irmandade de Betanzos

Prosas Galegas

OS LIBROS

Houbo un tempo d'illustración. Hai un tempo, o tempo d'hoxe, formativo. Que se non vexa ningún pedantismo n'istas afirmacións. Coidamos seren retrexo da realidade. A illustración é por natureza indelente fronte ós problemas xornaleiros do vivir. Suñícase n'unha seguranza. No tempo do P. Feixóo ou no tempo mais atreboado na tona, do dazanove, había eixes pol'os menos practicamente indiscutibles. E os libros podían ser sinxelamente amigos, conselleiros, azas pra voar, arboredos pro folgo gustoso, sportivos campos da intelixenza e da sensibilidade, pois aínda que asucaran fortemente a concencia e a vida, sempre ficaban rexións enteiras

pra un mesmo e pro trato social, que non pedindo urxente discuseon concedían ós homes da cultura sobra de tempo e de paz pra s'adicar á lér por lér, pra maxinar lonxanas posibilidades acarón do confiado lume do lar.

Mais hoxe non sabemos nin xiquier si as táboas do navío van servire pra faguer mañán a almadiá precisa pra navegar deica litorales apenas entreviscados. Todal'as cousas toman un caris de urxenza, de *potentia* pónense deseguida en *feito*. Ista fluencia ceibe da corrente da vida ninguén negará qu'esteña chea de lediza e de paixón, mais tamén esperta d'un xeito non coñecido diante a responsabilidade de

todo'os instantes. Queirase ou se non queira o tempo é de revisión, de criteca, de creación. Ningún problema loce na ceibe rexión das ideas. Todos se visten de realidade imperiosa. E os libros son mais arma e ferramenta que folgo e conversa. Os libros e as meditacións nadas ó redor d'os libros. Non hai dereito a illarse en ningún Patmos ou eu ningunha Jersey. Pois d'un lado medra o tumulto inconscente da vida e d'outro a necesidade de ordear ista vida cega e sin forma,

Os libros endexamais poideron faguer mais mal nin mais ben. A cultura, frol da vida, soilo pode figurar no mundo imponéndolle á vida o qu'ela de por si non pode dar: unha disciplina pra que non volte ás nevoentas formas orixina-rias correndo o perigo de trepar outravolta por camiños xa andados. Os homes que escriben libros non semellan todos eles decatarense da enorme responsabilidade que toman sobre si. Imponse no floxo gremio dos autores, dos profesores, dos intelectoás en xeneral unha millor virtualidade nos esforzos pra que a frol da meditación seña aixiña grá escolleita na sementeira do tempo futuro.

FROITOSO TOUZA SERGUDE

Suscríbese a

A Nosa Terra

DO MOMENTO

De día en día os feitos veñen a confirmar de xeito rotundo os argumentos que dende fai varios números veño expondo encol da urxente comenencia de incorporar o nacionalismo galego á causa da república hespañola.

O réxime monárquico derrúbase paseniña pero progresivamente. As adhesións ao movemento republicano son cada día mais numerosas e valiosas.

Non me importarian nada, a min que por riba de todo son nacionalista, se non viñeran ademais revestidos d'un nobre e serio afán de resolver o probrema rexional do xeito formal e firme que necesita. Non hai hoxe ningún partido republicano de creación recente nin novo republicano de definición autual que ao mesmo tempo que no seu programa ou declaración fala da necesidade de conquistar a República non exprese tácitamente o seu criterio de amplo federalismo e resolución do preito nacionalista.

Nunca como hoxe estivo de tan palpitante autualidade o reconecemento da razón que asiste ás nacionalidades ibericas para constituirse autonomicamente. E total-as voces que así o expresan proceden das esquerdas. A agrupación ao servico da República que dirixida por tres prestixiosas figuras está agrupando no seu torno o mais culto da sociedade hespañola téñ manifestado tamén o seu criterio na cuestión. Os demais partidos republicanos, incluso os históricos, e o socialista que até agora nada tiña dito do asunto, atópanse hoxe de común acordo acerca do probrema pol-o pacto verificado en San Sebastián.

Por outra banda os nacionalistas cataláns e vascos decidíronse a aportar o seu concurso ao conquero do réxime republicano. Os cataláns con Maciá, Bofill e Matos, Rovira e Virgili e Nicolau d'Oliver que representan o catalanismo mais radical e de maior confianza para nós. Os vascos, profundamente católicos, non consideran incompatible o que para algúns, incluso galegos, parece ser. Os valencians tamén laboran ao mesmo tempo pol-o valencianismo e pol-o trunfo da República.

En Galicia o republicano autual leva afincado no pensamento a idea autonomista e

ademais de na Orga está no programa da Federación Republicana Gallega.

E conta ademais co'a presenza de Santiago Casares no comité nacional republicano e no Goberno provisional da República.

¿Non é meresciente de meditación este fenómeno para nós tan afagadeiro? Nunca dende o campo monárquico tense manifestado de xeito tan rotundo e xeneral o desexo de estruturar a Hespaña federativamente.

Por outra parte. Está plenamente demostrado que o preito que hoxe Hespaña ten prantexado non pode ter solución mais que de duas maneiras. Pol-a implantación da República revolucionariamente ou por medio d'unhas Cortes Constituyentes. No primeiro caso teremos conquistada a autonomía e pol-o tanto estamos no deber de colaborar na consolidación d'un réxime que tan espontaneamente dispense a dar solución ao noso probrema. No segundo teremos que nos inclinar d'unha banda ou d'outra. ¿Quén sería capaz de cometer a torpeza de incrinarse por un réxime a quen tantos agravios débelle Galicia? Non sería bñ nacionalista quen tal fixera.

O dilema está craro. Xa chegaron as cousas a un extremo que xa non ten virtualidade aquel sofisma camboniano de ¿República? ¿Monarquía? Galicia.

Hespaña enteira afánase por sair d'este este estado ilegal a que a levon cos seus erros ou afáns absolutistas o réxime autual e quere darse unha Constitución ou conquistar violentamente un novo Estado. Non pode Galicia, e menos ainda a minoría nacionalista, ser indiferente ó preito que ademais é para a nosa terra de vital importancia, xa que do resultado final da cuestión dependerá directamente a súa vida futura.

Por eso eu procramo, cada día máis convencido porque así o demostran os feitos, a necesidade de incorporar o nacionalismo galego ao republicano que nos ofrece a seguridade de abranguer o réxime autonómico que necesitamos para despois ourentar a Galicia en senso ampliamente nacionalista.

VICTOR CASAS

A propósito de un manifesto

Admirábel por todos conceptos é o manifesto dos catalanistas republicanos qu'eu lín n-estes días. Non é posíbel que a él poida opôre reparos ningún galego que de verdade se chame nazonalista e que, ao mesmo tempo, sexa verdadeiramente liberal. Admirábel, tanto pol-a forma como pol-o fondo, o citado manifesto é un documento xúrdio que merecería sere rubrado por todol-os que nas diversas nazonalidades ibéricas vimos loitando sen acougo e cõ meirande azo pol-as suas liberacións respectivas. E a eispresión fidel das arelas e dos degoiros mais caros que latexan en todol-os cibdadans conscentes das varias nacionalidades que integran a Hespaña. Léndo o documento asiñalado xa non pode dubidarse en faguere a afirmación rotunda de que o único catalanismo verdadeiro, enxebre, sen mistura e sen lixos, despido de todo egoísmo e de toda malfadada sona plutocrática e Xudaizante é o catalanismo republicano, ou sexa aquel que xurdiamente acerta a se definir e a se mostrare no documento en cuestión tan oportuna e axeitadamente ceibado â publicidade.

Léndo os puntos principaes da decraración feita pol-o catalanismo republicano—estaba por escribire catalanismo sen outra cousa xa qu'il é o eisistente, pois o outro pasou a millor vida gracias a Cambó e compañía—eu penso que con ela ficou feita a Carta magna de todol-os nazonalismos peninsulares. Pol-o menos de aqueles nazonalismos que non termen de se afincaren en tencionamentos troglodíticos e inconfesabeis. E penso asemade que pol-o mesmo, e obrando en consecoenza, ante o exemplo luminoso, craro e apodíctico que nose ofrece Cataluña, a gran

Cataluña irmá, xa non dubidarán os nazonalistas galegos que aínda dubidaban pra se manifestaren como os tempos demandan. A decraración de republicanismo, dimpois do ocorrido en Cataluña, se non pode faguer agardare. A lección que a nazonalidade irmá finda de darnos, é pra que se non desaproveite por ningún motivo. Os nazonalistas catalans ao se incrinaren resoltamente ao republicanism, deixando a unha beira âos plutócratas da fracasada Lliga pra que xa sen escrúpulos poideran abrazarse de cheo cõ vello réximen, ben craro nos dín, coa sua eisperenza, qu'é o que cabe agardare do actual e cómo, en troques, a realización dos

degoiros nazonalistas solo será abranguida dimpois do troque radical que se acaroa.

Fáise preciso, por conseguinte, que a voz autorizada dos persoeiros do nazonalismo galego se deixe ouvire. Continuar silandeiros por mais tempo e dimpois de que tantos nazonalistas nos achamos xa adentrados no republicanism, parécenos contraproducente e ineficaz. E mester, pol-o mesmo, dare a faciana e falar craro e outo, de xeito que todo o mundo nos oia. Pra conseguilo eu enderezo istas liñas aos mestres e irmáns Risco, Otero, Das Casas, Castelao e a todol-os membros da gran familia nazonalista galega â qu'eu pra honra miña tamén pertenezco. Eles, pois, teñen a verba.

RAMÓN VILLAR PONTE

Homenaxe aos mortos

O domingo 15 de Marzal celebrouse o aito anual de pousar frores nas campas de Curros, Pondal, Murguía, Chané e demais galegos ilustres que repousan no ciminterio coruñés. Concurriu unha gran cantidade de púbrico que deu verdadeira brillantés ao acto e escoitou con gran devoción os discursos pronunciados. Diante da sepultura de Curros Enriquez o presidente do Circo de Artesanos noso querido irmán D. Xosé Búa, pronunciou unhas verbas en galego. Lembrou a significación do aito e da obra galega social e fundamente democrática e ateigada de ideas de liberdade do poeta. Lembrou o «Diviño sainete» dirixido â mocidade galega e fixo resaltar a intervención que hoxe ten a mocidade na vida política dos pobos. Dixo que Curros trazou co-a sua obra un verdadeiro programa político que os galegos debemos erguer como bandeira: Invocar o espírito do vate para que nos alumee no camiño da redención galega. O discurso dito n-un galego correito e ateigado de emoción e ideas xenerosas foi fondamente gabado pol-o inmenso púbrico que o escoitou.

Diante da cruz dos esquecidos o

alcalde señor Asúnsolo pronunciou unhas verbas en nome do Concello. Non estivo mui afortunado dando a sensación de cumprir un requisito e de pouca compenetración cõ carakter do aito. Interésanos resaltar como cousa lamentable a confesión que fixo de que non sabia falar galego e aínda mais a promesa de que o adeprenderá para o ano proisimo. As verbas do alcalde foron ouxeto de diversos cementarios pouco adegadeiros.

En nome da Irmandade o primeiro conselleiro irmao Salvador Mosteiro deu lectura a unhas cuartelas que decían así:

“N'esta ofrenda anual que o pobo cruñés rende a lembranza inesquecente dos ilustres galegos que repousan no noso ciminterio, acude, como sempre, a Irmandade da Fala d'esta capital, representando as demais Irmandades e grupos galeguistas de Galicia e América.

Ao longo de correr dos anos, acrecéntase vigorosamente a nosa devoción pol-a obra que estes homes deixaron para ensiño e espello das novas xeracións. Día tras día e ano tras ano, as ideas por eles espalladas en libros e outras manifestacións do

seu elevado pensamento, van enraizándose intensamente na conciencia dos galegos de hoje, chegando no momento actual a constituir unha seria preocupación que, pódese afirmar, é precursora de vizosas realidades que non tardarán en cristalizar.

Non temos mais que estender a ollada para ver como hoje, na Hespaña, todas as regiões, aínda aquelas que non teñen unha persoalidade diferencial destacada, xurden á vida reclamando o dereito a regírense por si mesmas; e no debate que Hespaña enteira ten prantexado respecto á futura e nova estruturación estatal, que non tardará en se facer, pois ja non é posíbel que poida por mais tempo vivir fora da legalidade, está d'un xeito vivo e rotundamente cotejórico, e con unha forza enorme, o problema da autonomía regional.

Tanta é a forza que estas ideas teñen tomado ja, e andan a tomar de día en día, que ja non hai partido político hespañol que, d'unha maneira mais ou menos sincera e con solucións mais ou menos radicaes, non teña reconecido esta suprema realidade e a necesidade de lle dar solución. O mesmo d'unha banda que de outra; ahí temos o programa autonomista dos partidos republicanos, as declaracións e traballos xornalísticos das mais elevadas figuras da política hespañola, e aínda ja, como mostra contundente, a declaración do actual Goberno, que estando formado por vellos políticos, até agora inimigos das aspiracións regionaes, non tiveron outro remedio, ante a forza convincente da realidade, que prometer pór o asunto en vías de solución.

E decírase: que o desenrolo intenso verificado nas arelas autonomistas en toda a Península, tivo de ser reconecido, á forza ou espontaneamente, por todos.

En Galicia, naturalmente, tiña que suceder o mesmo. ¿Que galego hai hoje que, polo menos, non esteña d'acordo con que Galicia ten dereito a se regir autónomicamente?

As ideas que n'este orde espallaron polo mundo enteiro estes homes a quenes hoje rendemos homage de lembranza inmorrente, ideas que as Irmandades da Fala recolleron garimosamente para propundilas e adaptalas aos nosos tempos, están hoje de suprema actualidade.

E nós temos confianza, unha confianza fundamentada en feitos indiscutibles, de que non pasará moito tempo en que Hespaña será constituída con arreglo ao mandato imperativo da Natureza, e Galicia acadará o réxime de liberdade que nece-

sita para desenrolar intensamente a súa vida particular.

Este é o feito fundamente afagadeiro que compre resaltar no día de hoje:

O triunfo prósimo das ideas generosas dos ilustres galegos que aquí repousan. E tamén o millor homaje que lles podemos render. Continuar con entusiasmo o viero que eles nos deixaron trazado.

Ogallá no prósimo ano, ao voltar novamente a realizar este aito, pódamos ja vir aquí aureolados polo triunfo conquerido. Para que así seja, as Irmandades da Fala agardan de todos os galegos unha situación enérgica e persistente que nos permita entón pousar nas campas d'estes inesquencentes patriotas, as frores do triunfo e o latexar ledicioso dos nosos corazóns."

As obrigas históricas

A Fala

Un dos mais fortes sostés da persoalidade d'un pobo é a linguaxe. Non pode haber orixinalidade de pensamento en ideoma alleo. Por que o proceso do pensamento é unha serie de conceptos que inconscientemente se cristaliza en verbas. E non é a elección d'un ideoma un autocompretementes volitivo, sinón espontáneo. Da-o a natureza, as características raciais, a paisaxe.

Por iso o galego, cando quer expresar algo propio, ten que votar man do linguaxe, que, ben ou mal falado, se acomoda millor á súa modalidade temperamental.

Ben, pois aparte as consideracións que pra nós representa a necesidade de presarnos en galego, por ser o único que pode reírexar de xeito mais raro o noso pensamento, hay outros d'orden espiritual e histórico.

Hay ningún idioma coñecido, que poida mostrarse un historial tan glorioso como o noso, que foi na Edade Medea o mais doado vehículo cultural e lírico? Fala nai do portugués que oxe é falado por mais de 45 millóns de galaico-portugueses. Pódese deixar esmorecer insensiblemente un ideoma que como o noso posee títulos tan outos e únicos?

De ningún xeito. A reacción imponse, tratando de recuperalo do agro onde hastra-o d'agora se había recollido fuxindo d-a bárbara conquista extranxeira. E son os homes d'ideias, os poseedores d-a nosa verdadeira cultura os que, decatándose do noso mal, loitan por desbotar d-a conciencia d-as xentes o parbo concepto que hastra-o d'agora se tivo.

A conquista castelán pra ser mais eficaz, fíxonos ver con noventa cati-

veza, que o galego era un falar de ñorantes e ordinarios, namentras o castelán era o linguaxe d-a cultura e a distinción. E así foi desaparecendo o galego d-as nosas vilas, sendo somentes usado por certa do pobo, ou en circustanceas vergoñentas. Os ocos, os distinguidos fuxiron d-il. Pro agora, por un imperativo de perfección e por diñidade persoal non podemos consentir que na fala de nosos antergos s-eixprese somentes a brutalidade e a incultura que lle debemos ó centralismo.

E mester voltar pol-o noso e pol-a nosa fala qu-é a esencia da nosa conciencia nazonal. Temos que voltar pol-o noso, pol-a nosa fala, pol-os nosos vaores difrenciados; temos que reconstruir o noso esmorecido pasado pra edificar sobr-il un futuro que xa oxe se vislumbra no albor d-os pobos novos.

O Nazonalismo

As últimas verbas d-o noso himno parecen ser un augurio prometedo: *Esperta d-o teu soño fogar de Breogan*. E Galiza esperta e faino con conciencia de sí mesma. Con conciencia nazonalista.

O nazonalismo é ante tudo, senti-

mento, impulso, instinto natural. Amase á patrea—que non e somentes territorio, sinón nazon—como se ama á familia. Pro, como a nazon vive i-existe no mundo, precisa unha acción meditada e preparada, pr-a que non basta somentes o sentimento e o impulso, sinón tamén unha conciencia e unha vontade.

A tesis fundamental d-o nazonalismo que pon a doutrina nazonalista n-unha situación singular frent-as outras doutrinas polítecias, é que as diversas sociedades existentes na Terra, son verdadeiros orgaismos que conteñen unha vida que sobrepasa con moito á d-os individuos e que se perpetúa n-os séculos e nos milleiros.

D-acordo co-isto, a nazon non é unha xuntanza d-individuos; non comprende somentes as persoas vivas n-un determinado momento, sinón a serie indefinida de xeneracións sucesivas.

A nazon galega, non comprende somentes os 3 ou 4 millós de galegos vivos, sinón tudol-os centos, milleiros e millós de galegos que nacerán nos séculos futuros e que teñen que ser pol-o tanto conceptuados como elementos constituentes d-un todo único. Co-ista concepción, cada xe-

nerazón e cada individuo d-unha xenerazón, non é mais qu-un elemento transeunte e infinitesimal da nazon; é a célula do orgaismo nazonal. Com-as células nacen, viven, morren renóvanse, namentras o orgaismo permanece sempre o mesmo; así o individuo nace, vive, morre, namentras a nazon persiste n-a súa vida milenaria.

Partindo d-iste concepto, nós temos a obriga d-estender o noso ollar ó porvir. Edificar pr-o futuro, pr-os que virán dempois de nós. Que non teñan que maldecirnos, por deixar perder n-a indefrenza as grandes posibilidades d-a raza.

Cal sería a herencia que lle legaríamos ós que virán dempois de nós si agora non figuésemos nada polo rexurdimento de Galiza? C-o desgaleguizamento progresivo que sofre a nosa Terra, chegaría un día en que as virtudes d-a raza galega fosen somentes un recordo n-o futuro. E arrepiá, pensar somentes no posibre fenecemento d-unha nazon, que leva en si o xermen d-as mais outas posibilidades.

Fiz do Val.

FOLLAS NOVAS

PANCHO DE RÁBADA, por Álvaro de las Casas.

Ainda a crítica no rematou de falar co'a loubanza axeitada da edición de luxo que Alvaro de las Casas fixo da súa obra teatral «Pancho de Rábada» e agora acaba de poñerse á venda unha nova edición económica que é motivo grande para que ningún galego deixe de ler obra tan fondamente intresante que aínda non sendo de longa extensión arrequese pol-a súa calidade, o renascente teatro galego e pol-o mesmo a nosa xa vizosa literatura en lingua vernácula.

«Pancho de Rábada», via-cruceis en seis estacións. Cada estación un problema que Galicia necesita resolver e que o autor pón así diante dos ollos de todol-os galegos como motivo de fonda preocupación que sexa ampria cobiza de solución. Un emocionante canto ás esenciais espirituales da Terra á que Pancho de Rábada, aliador que recorre longas e apartadas terras, volta arelante de

ollal-a xa redimida dos vicios e das miserias que por importación e deixadez ou descuido dos galegos aínda campan pol-os eidos patrios.

Alvaro de las Casas fixo unha boa obra nos aspectos literario e patriótico. Moi dina de ser espallada.

Os cadros de decoración que hai por Galicia adiante farían unha gran labouira divulgando «Pancho de Rábada».

E o seu autor, xa ben acretado e coñecido nas nosas letras, é merecedor da nosa cordial felicitación

DE ESTO Y DE LO OTRO, por Roberto Blanco Torres.

A pruma ben experimentada de gran periodista e a mentalidade sempre vixiante de Roberto Blanco Torres dónanos o agradable resultado d'un libro que acaba de se publicar co título «De esto y de lo otro».

Un libro de 220 páxinas onde o autor recolle diversos artigos xornalísticos encol de temas de fonda actualidade. Temas de preocupación galega e hespañola que están hoxe no tapete.

Todos e cada un son tratados por Blan-

co Torres co'a súa acrisolada honradez de pensamento.

Quenes como nós temos tamén un concepto das cousas mais elevado que o xuício do vulgo temos que coincidir cou Blanco Torres no mesmo xeito de ollar e interpretar os mesmos asuntos.

Hai que o decir así, sin inmodestia pol-a nosa parte, pois non pode ser que os que arelamos un troque de vida absoluto no orde espiritual e cultural respecto á vida galega e hespañola asintamos á cativez mental que hoxe priva na maoría das xentes. Non somos iconoclastas pero é necesario enfrentarse cos problemas e darlle unha solución radical e verdadeira anque o contrario pense a masa amorfa d'eso que se chama opinión e que no noso país aparece sempre inspirada en tópicos vulgares ou solucións acomodadas aos intreses dos que mandan.

Blanco Torres, sempre rebelde e sempre honrado escritor de outo pensamento, co'a publicación d'este libro acrecenta a súa recta trayectoria espiritual no campo das letras. A nosa coincidencia con él, sobre todo nos temas galegos que toea que son os que mais de preto nos atañen, é absoluta e por eso saudamos con agarimo a saída d'este libro merecedor por todos conceptos de ser intensamente leído e fondamente meditado.

A nosa cordial embora ao querido Blanco Torres.

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un año 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN

Rúa Real, 36, 1.º A Cruña

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decramación da Cruña.

Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caracterizacións para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1.º A CRUÑA

FRANQUEO CONCERTADO

Sr.

Imprenta de M. Villuendas. - Betanzos

Zincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVEDA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . Ptas, 17.000.000

id. desembolsado » 11.000.000

Fondo de Reserva. . . » 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Ponteceros, Chantada e Frense.

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros, Malletas de abaca e cañamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido com preto para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

A bonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega.

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confeciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA